

CONVENIO ESPECIFICO ENTRE, POR UNHA PARTE, O MINISTERIO DE SANIDADE E AS CONSELLERIAS COMPETENTES EN MATERIA DE SAÚDE DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS DO PAIS VASCO, CATALUÑA, GALICIA, ANDALUCIA, VALENCIA, CANARIAS E MADRID E, POR OUTRA PARTE, A FUNDACION AMANCIO ORTEGA GAONA, PARA A COLABORACION NA IMPLANTACION DA PROTONTERAPIA NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que con data 11/12/2023 as partes formalizaron o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos desde a data de inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (11/12/23) ata o 19/10/2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a concreción do importe definitivo da doazón, a forma e os prazos das correspondentes achegas e a documentación soporte que deberá presentarse á Fundación Amancio Ortega Gaona para a realización das mesmas en función dos termos acordados entre o Ministerio de Sanidade e a empresa adxudicataria, así como a concreción das obrigas en materia de comunicación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Con data 19 de outubro de 2021 asinouse un convenio entre o Ministerio de Sanidade, as Consellerías competentes en materia de saúde das comunidades autónomas do País vasco, Cataluña, Galicia, Andalucía, Valencia, Canarias e Madrid e a Fundación Amancio Ortega Gaona, para a colaboración na implantación da protonterapia no sistema nacional de saúde, que foi modificado por addenda do 18 de maio de 2022.

A cláusula terceira do Convenio Inicial, o Ministerio de Sanidade comprometeuse a adquirir os equipos de protonterapia necesarios para a aplicación do tratamento con protonterapia no Sistema Nacional de Saúde en colaboración coas Comunidades Autónomas.

A cláusula quinta do Convenio Inicial establece que a Fundación Amancio Ortega Gaona financia os equipos de alta tecnoloxía de maior custe necesarios para la posta en marcha do plan (dez equipos de protonterapia) a través dunha doazón realizada ao Ministerio, baixo a condición da súa afectación á finalidade de adquisición dos citados equipos, por unha cantidade máxima de douscentos oitenta millóns de euros (280.000.000 €). Este custe inclúe, ademais do equipo, o software, o equipo de dosimetría, o equipo de cámaras e o servizo de formación do persoal clínico.

A cláusula sexta do mesmo Convenio Inicial prevía que, rematado polo Ministerio o procedemento administrativo para a contratación dos equipos de protonterapia, a concreción dos compromisos recollidos no citado convenio levaríase a cabo mediante a

subscrición dos correspondentes convenios específicos, nos que se concretarán o importe final da doazón e a forma e os prazos nos que a fundación fará as achegas dentro do máximo ofrecido, así como a documentación soporte que deberá presentarse á Fundación Amancio Ortega Gaona para a realización das sucesivas achegas, en función dos termos acordados entre o Ministerio e as empresas adjudicatarias.

Ademais na cláusula quinta, o Convenio Inicial recolle que unha vez fixado o prezo da adquisición dos equipos, se este fose inferior á cantidade máxima ofrecida pola Fundación, esta poderá optar por doar unicamente o prezo de adquisición ou ben empregar o resto ata a cantidade máxima comprometida para atender outras actuacións complementarias propostas polo Ministerio e aceptadas por aquela, no seo da Comisión de Seguimento.

Finalizado o procedemento de contratación, o contrato adjudicouse por un valor de 263.538.000 euros, resultando, por tanto, unha diferenza de 16.462.000 euros con respecto ao importe máximo a doar pola Fundación (280.000.000 euros).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

María Estrella López-Pardo Pardo.

